Documento base (sección 5):
AS DIMENSIÓNS *TEÓRICA* E *PRÁCTICA* DA RACIONALIDADE FILOSÓFICA (PREGUNTAS E PROBLEMAS FUNDAMENTAIS DA FILOSOFÍA)

1. AS DIMENSIÓNS DA RACIONALIDADE

A racionalidade, característica específica dos humanos, presenta dúas dimensións ou facetas, que xa foron apuntadas brevemente na sección 3, pero que agora compre diferenciar con maior precisión: a dimensión *teórica* e a dimensión *práctica*. Non se trata de que existan dous tipos de racionalidade diferentes, senón de dous usos ou aplicacións diferenciables, aínda que mutuamente implicados, da mesma racionalidade.

1.1 A racionalidade teórica

A racionalidade teórica opera no campo do coñecemento maximizando a veracidade das nosas opinións sobre a realidade. Pois, a razón, na súa función teórica, proponse como obxectivo o coñecemento da realidade e a súa explicación; pretende saber qué son as cousas, como se orixinan e como funcionan ou como se producen os fenómenos.

O noso coñecemento da realidade exprésase en enunciados descritivo-explicativos (oracións enunciativas ou declarativas), que podemos chamar "enunciados de feitos". Entre eles, a razón trata de distinguir o verdadeiro coñecemento das falsas opinións, optimizando así o axuste do noso pensamento coa realidade do mundo. Na sección 3 analizamos xa as características, elementos e procedementos da racionalidade teórica: consistencia, xustificación, inferencia lóxica, etc.

O coñecemento científico é o resultado más sólido e consistente do afán da razón humana por coñecer e explicar a realidade. Agora ben, este impulso investigador da razón por coñecer, explicar e comprender a realidade non se esgota no saber científico. O saber científico circunscríbese ou limítase ao campo do demostrable e verificable/falsable (criterio de demarcación da ciencia). Pero a razón aspira sempre a ir máis alá, a un coñecemento pleno e absoluto (aínda que esta aspiración resulte inalcanzable para a limitada razón humana). Por iso, busca principios explicativos da realidade cada vez máis amplos e comprensivos, que unificando e sintetizando os diversos campos da experiencia explicasen todo dun xeito definitivo.

Este "soño" da razón está na orixe da Metafísica, un pretendido saber que, dende os gregos, se foi constituíndo máis alá (*meta-*) de toda experiencia, traspasando os límites ou fronteiras de demarcación do saber científico: un saber, pois, trans-científico ou meta-científico, nacido desa esixencia humana de buscar unha explicación última da realidade que permita a súa comprensión global e dote de sentido á existencia. Neste sentido a Filosofía constitúese, como xa se ten indicado en seccións anteriores, nun "saber de segunda orde" de carácter meta-empírico ou meta-físico. (Nun apartado posterior analizaranse

máis polo miúdo os principais problemas da Metafísica e as súas orientacións máis destacadas.)

Pero a Filosofía, como saber radical que busca os fundamentos últimos de todo, tamén se pregunta pola posibilidade mesma do coñecemento e da ciencia, analizando as bases nas que se fundamenta para determinar a súa validez, o seu alcance e os límites do mesmo. Esta reflexión da razón sobre as súas posibilidades e límites no campo do coñecemento deu lugar á outro eido filosófico denominado Gnoseoloxía (Teoría do coñecemento) e Epistemoloxía (Teoría e Filosofía da ciencia), que tamén se analizará máis polo miúdo noutro apartado desta mesma sección.

Así pois, a análise das condicións de posibilidade do coñecemento e da ciencia (Gnoseoloxía e Epistemoloxía) xunto coa investigación especulativa e trans-empírica de principios explicativos últimos da realidade (Metafísica) son os principais campos da reflexión racional filosófica na súa dimensión teórica.

1.2. A racionalidade práctica

A racionalidade práctica opera no campo da acción humana maximizando as posibilidades do individuo de acadar os propios fins ou metas. Porque non só as nosas opinións han de ser racionais, senón tamén as nosas decisións e comportamentos. Non basta con pensar racionalmente, tamén hai que vivir racionalmente.

1.2. 1 Condicións da racionalidade práctica

As esixencias da razón convértense en condicións ou requisitos a cumprir pola conduta humana para poder ser considerada racional. De forma simple podemos sintetizalas nas seguintes:

a) Ter conciencia clara dos propios fins e proxectos. Pódese dicir que é irracional non saber o que un quere, ou carecer dalgún tipo de meta ou dirección para orientar a propia conduta.

b) A xerarquización dos fins. Moitos dos nosos fins inmediatos son medios para acadar outros fins máis importantes de orde superior. Por iso, é necesario distinguir e articular os diversos niveis dos fins inter-medios e os fins últimos. Os fins de orden inferior poden ser sacrificados por un fin de orde superior, se fose necesario. Sería irracional “perder a guerra por gastar todas as forzas nunha pequena batalla”. En caso de conflito, os fins posteriores han de ser preferidos aos anteriores ou máis próximos; aínda que tal estratexia puidera diferir a gratificación.

c) A coherencia e compatibilidade dos diferentes fins. A contradición ou incompatibilidade de diversos fins converte un sistema de fins en inconsistente e irracional. De aí a necesidade de compatibilizar os *fins interesados*, que inclúen as necesidades e intereses do individuo, tales como a súa supervivencia e o benestar, e os *fins desinteresados* e

altruístas, como a axuda e solidariedade, que nos seus grados extremos son típicos de condutas heroicas ou quixotescas. Pero, o quixotismo, por encomiable que sexa, non é modelo de racionalidade.

d) A articulación dos medios adecuados para a consecución dos fins. Supón a elección e posta en práctica dos medios máis efectivos e acordes con todo o sistema de fins para poder acadalos.

e) A disposición a revisar e reformular o propio sistema de fins cando as circunstancias o esixan.

A racionalidade práctica supón a racionalidade teórica como condición básica de partida. Pois, efectivamente, tanto a determinación de metas ou fins viables para a acción, como a elección de medios efectivos para a súa consecución só será posible realizala sobre un verdadeiro coñecemento da realidade. O seu descoñecemento e as opinión ou crenzas infundadas sobre o mundo xeran proxectos inviables e ilusorios e dificultan a elección de medios adecuados. Sen "pisar na realidade" é imposible realizar proxectos de vida racionais.

Pero a racionalidade práctica garda un certo carácter de primacía sobre a racionalidade teórica, pois esta adquire todo o seu sentido ao servizo da racionalidade práctica. O coñecemento da realidade ten, así, un certo carácter instrumental: a súa función é a de clarificar a propia existencia para poder así conducir a propia vida. "Saber para vivir".

Os enunciados característicos do campo da racionalidade práctica son de tipo valorativo e imperativo. Pois os fins propostos como metas a acadar son expresión de preferencias valorativas que estimamos desexables, e deles nacen os mandatos de como actuar, que se presentan como imperativos ou obrigas. Tales tipos de enunciados non son entón nin verdadeiros nin falsos, no sentido en que o son os enunciados de feitos, senón máis adecuados ou inadecuados para a realización do propio plan de vida; sobre o que xa non cabe xustificación definitiva e concluínte, pero si posibilidade de confrontación argumentativa con outros alternativos, que dea razóns da súa preferibilidade..

1.2.2. Planos da racionalidade práctica

No campo da racionalidade práctica cabe tamén distinguir polo menos dous planos, dun xeito semellante á distinción feita no campo da racionalidade teórica entre ciencia e meta-ciencia ou meta-física: a racionalidade técnica e a racionalidade moral.

A racionalidade técnica réxese pola lóxica da eficacia na articulación de medios para satisfacer as *necesidades* ligadas á supervivencia así como os *intereses e desexos* particulares e subxectivos. A técnica ten un valor instrumental ao servizo de fins "próximos" ou "inter-medios", que non son cuestionados dende a propia racionalidade técnica.

Agora ben, a racionalidade moral cuestiónase precisamente o problema dos fins últimos ou supremos que puideran dar sentido á mesma vida humana. Tales fins, que xa non se xustifican nin subordinan a ningún outro, serven para ordenar e xerarquizar todos os demais fins ou metas intermedias e orientar a realización da propia vida configurando un "plan de vida".

En canto a cales son estes fins últimos todo o mundo podería estar de acordo en que son a *felicidade* (xa Aristóteles sinalaba que nominalmente nesto coincidimos todos) e a *xustiza* (finalidade de carácter menos interesado que a felicidade). Pero as discrepancias aparecen á hora de concretar o contido mesmo de qué se entende por felicidade e por xustiza, así como a articulación de ambas. As profundas diferenzas neste campo son as que dan lugar ás diversas teoría éticas, cuxa avaliación vai máis alá da pura racionalidade técnica para constituír o campo da racionalidade filosófica que denominamos práctica, e que inclúe tanto a Ética ou filosofía moral como a Filosofía política. (As próximas seccións tratarán precisamente destes temas)

Esta dimensión práctica da racionalidade filosófica non pode xa operar cos parámetros de verdadeiro/falso, propios do coñecemento científico, nin cos da eficacia técnica; pero non por iso hai que relegala ao campo dos gustos ("para gustos píntanse colores") e da pura irracionalidade. Cabe tamén neste campo argumentación racional que dea razóns da preferibilidade dunha opcións fronte a outras; aínda que non podan ter un carácter concluínte e definitivo.

2. PREGUNTAS E PROBLEMAS FUNDAMENTAIS DA FILOSOFÍA

As preguntas nas que Kant (filósofo da Ilustración europea, s.XVIII) condensa toda a temática filosófica poden servir de punto de partida para organizar con certa estrutura os principais problemas da mesma, e para precisar os seus núcleos e ramas fundamentais (dentro da enorme disparidade de orientacións e correntes):

1) *Que podo coñecer?* Esta primeira pregunta centra un dos núcleos básicos da reflexión filosófica de todos os tempo: *o problema do coñecemento*. A investigación sobre as condicións que fan posible o coñecemento humano e o seu alcance: bases, valor, alcance e límites do coñecemento humano. Este núcleo inclúe ramas ou disciplinas como:
   - *A Lóxica*, que analiza as leis do razoamento correcto.
   - *A Gnoseoloxía*, que etimoloxicamente significa teoría do coñecemento.
   - *A Epistemoloxía* ou teoría da Ciencia. Aínda que a miúdo se use este termo como sinónimo de Gnoseoloxía, sobre todo na filosofía anglosaxona.

2) *Que debo facer?* Pregunta que se centra noutro dos núcleos centrais da problemática filosófica: *os valores e as normas* que han de guiar a actividade humana. As principais disciplinas ou ramas que abarca son:
   - *A Ética* ou Filosofía da moralidade.

- *A Filosofía do Dereito*, que estuda os fundamentos filosóficos das normas xurídicas.
- *A Filosofía política*: reflexión filosófica sobre a sociedade e a organización política do poder.
- *A Estética: r*eflexión filosófica sobre a actividade artística e beleza.
- *A Filosofía do traballo e da técnica, etc.*

3) *Que me cabe esperar?* Pregunta polo sentido e destino último do ser humano, que condensa a problemática doutro núcleo central da Filosofía: *o problema do ser* e o sentido da realidade e da vida humana. As principias disciplinas filosóficas que inclúe son:
   - *A Metafísica*: reflexión sobre o sentido e os primeiros principios do ser. Por que algo en vez de nada?
   - *A Ontoloxía,* que investiga a estrutura da realidade: niveis ou planos de realidade. Que tipo de seres existen e que entidade teñen?. (Os termos Metafísica e Ontoloxía aparecen con frecuencia mesturados e confundidos na propia tradición filosófica)
   - *A Filosofía da Relixión,* que trata de clarificar a chamada experiencia relixiosa e demais fenómenos vinculados á mesma.

4) *Que é o ser humano?* Pregunta que unifica e resume as tres anteriores, e que, polo tanto, se converte no centro da preocupación filosófica. A rama ou disciplina filosófica correspondente é a *Antropoloxía.*

No noso percorrido deste curso tomamos como punto de partida, nas dúas primeiras seccións, a pregunta polo ser humano e o seu posto no cosmos: a Antropoloxía. Na sección 4 analizamos as bases e límites do coñecemento científico: Epistemoloxía. Agora imos pasar revista, dun xeito moi sucinto, aos principais problemas da Gnoseoloxía e da Metafísica. O resto do curso, as sete próximas seccións, centraranse na Filosofía práctica: Ética e Filosofía política.

2.1. A Gnoseoloxía

A Gnoseoloxía ou Teoría do coñecemento en xeral (Epistemoloxía na Filosofía de fala inglesa) trata da posibilidade mesma de coñecer: as fontes que orixinan o noso coñecemento, a validez ou fiabilidade do mesmo e os seus límites. Ao longo da historia do pensamento occidental atopamos dúas grandes orientacións enfrontadas á hora de encarar esta problemática: Empirismo e Racionalismo.

a) As posicións empiristas consideran que a orixe de todo o noso coñecemento reside na experiencia sensible, que é a que proporciona todos os contidos do mesmo. Sen experiencia sensible a mente sería como “unha táboa rasa” ou “un papel en branco” no que non habería nada escrito.

   Pero dentro desta orientación haberá teorías moi diferentes no grao de radicalidade das súas conclusións. Así, as posicións empiristas antigas, sobre todo a de Aristóteles e os seus seguidores posteriores, como

Tomé de Aquino, non limitan o coñecemento ao campo da experiencia; pois consideran que a razón, na súa capacidade discursiva, é capaz de chegar a demostrar verdades das que non é posible experiencia sensible, construíndo deste xeito un pretendido saber de tipo metafísico. Con Tomé de Aquino, este saber pretende poder demostrar a partir da experiencia (*a posteriori*) a existencia de Deus.

Pola contra, o Empirismo inglés (s. XVII-XVIII) adoptará, sobre todo con Hume, unha posición radical que establecerá os límites do coñecemento na propia experiencia sensible da que procede; máis alá do dado na experiencia non hai coñecemento. Deste xeito rexeitará a posibilidade dun saber metafísico denunciado a súa carencia de validez.

b) As posicións racionalistas, na outra banda, desconfían da experiencia sensible por considerala enganosa e pouco fiable: "os sentidos engánannos moitas veces". Por iso consideran que a única fonte fiable de coñecemento é a razón; unha razón que opera dedutivamente a partir de verdades ou principios innatos, que a propia razón descobre por intuición intelectual como evidentes. Tales principios innatos son como os axiomas da Matemática, en cuxo modelo de saber se inspira a súa Metafísica.

Kant (s. XVIII) realizará un intento de síntese entre ambas correntes. Para el todos os contidos do noso coñecemento proceden da experiencia, como afirmaban os empiristas, pero hai algo no noso coñecemento que non procede da experiencia, que é *a priori*: as estruturas e leis coas que as facultades do noso coñecemento elaboran os contidos procedentes da experiencia. Pero os obxectos da Metafísica resultan inalcanzables por carecer de base empírica, sen a que non hai coñecemento.

Máis alá destas dúas grandes orientacións da teoría do coñecemento sobre as fontes e límites do mesmo, é preciso tamén distinguir os supostos, de base meta-física, que diferenzan as teorías do coñecemento antigas e medievais fronte ás modernas: o *realismo* e o *idealismo*.

a) As teorías antigas e medievais, tanto empiristas como racionalistas, partían dun realismo inxenuo, que daba por suposta a existencia dunha realidade obxectiva allea e independente do propio suxeito do coñecemento; realidade que dalgún modo era posible coñecer.

b) Pero a Filosofía moderna, partindo do racionalismo de Descartes e seguindo co Empirismo inglés, vai cuestionar ese suposto de partida, considerando que o que coñecemos directamente son as nosas ideas ou representacións, non as cousas en si, cuxa existencia é problematizada e deberá, en todo caso, ser demostrada. A Filosofía moderna, con escasas excepcións, adoptou así unha posición idealista de partida (chegando mesmo a negar a existencia dunha realidade material, nos casos máis extremos).

2.2. A Metafísica

Aristóteles definiu como "ciencia do ser e dos primeiros principios e causas" a un saber que denominou Filosofía primeira e que máis tarde se chamou Metafísica (por Andrónico de Rodas no s. I a. C.). Etimoloxicamente a palabra metafísica significa o que está "detrás" ou "máis alá" da realidade física.

Respondendo ao propio significado da palabra, a Metafísica irase constituíndo na Historia como un saber especulativo da razón que traspasa os límites da experiencia; isto é, como un saber *meta-empírico*, que vai máis alá dos datos da experiencia e que non pode ser contrastado no seu campo. Neste sentido a Metafísica é un saber que se ocupa de temas e problemas que están ao outro lado da fronteira establecida polo criterio de demarcación da Ciencia, como xa se sinalou anteriormente.

Esta situación trans-froteiriza da Metafísica permitiu que, co paso do tempo, algúns dos seus problemas tradicionais puidesen ser incorporados ao campo da investigación científica. Non obstante, os temas e problemas fundamentais da mesma non teñen posibilidade de ser resoltos polas ciencias, pois están máis alá de toda posible experiencia. Tal é o problema do sentido último da realidade, entendido como finalidade, significado e valor da existencia.

Metafísica foi tachada, dende o Empirismo inglés, como unha ilusión ou un soño da Razón inalcanzable (Kant), negando a posibilidade dun coñecemento metafísico. Pero as cuestións metafísicas reaparecen constantemente como interrogantes inevitables, pois están enraizadas nas preocupacións máis profundas que inquietan aos seres humanos, como son a morte e o sentido da vida.

Na Modernidade, a problemática metafísica centrouse en tres principios ontolóxicos que explicarían toda a nosa experiencia, por ser o fundamento último de todo (primeiros ontoloxicamente; isto é, na orde do ser, aínda que últimos no noso alcance), e que, polo tanto, serían o obxectivo último da Metafísica.

En Descartes estes tres principios ou substancias son: a) o "eu" ou realidade (*res*) pensante, denominado tradicionalmente *alma*, e que unifica e sintetiza toda a nosa experiencia interna como base da mesma, b) o "mundo" ou realidade externa (*res extensa*), que unifica e sintetiza toda a nosa experiencia externa, e c) "Deus" ou realidade (*res*) infinita, que unifica tanto a experiencia interna como a externa, como principio absoluto explicativo de todo. Estes son os tres grandes temas da Metafísica moderna que en Kant se expresan nas tres ideas da razón: *alma, mundo e Deus*, ideas que regulan e estimulan a actividade da razón como ideais ou metas a acadar, pero que non poden ser constitutivas de coñecemento, por traspasar os límites da experiencia.

Aquí podemos reformular dende a filosofía contemporánea os tres grandes temas da Metafísica moderna, pero actualizando non só a linguaxe senón tamén a problemática, liberándoa de connotacións e adherencias ou supostos

doutras épocas que hoxe non son comunmente compartidos: a) o suxeito humano, b) a realidade exterior ao suxeito, e c) Deus.

2.2.1. O suxeito humano

A reflexión metafísica sobre o "eu" como suxeito último que unifica a totalidade das experiencias vividas presenta na actualidade tres problemas destacados: 1. O problema da relación mente-cerebro e da "identidade persoal", 2. O problema liberdade, e 3. O problema da morte/inmortalidade .

1. No problema da relación mente-cerebro pervive o vello problema metafísico da relación alma-corpo. As dúas posicións extremas son:

> a) O *monismo*, que trata de reducir o mental á actividade fisiolóxica do cerebro, con diferentes matizacións e variantes. A máis interesante actualmente é a denominada *teoría emerxentista,* que distingue claramente os diferentes niveis (físico-químico, biolóxico, psicolóxico, etc.) dotados de propiedades características irredutibles entre si, aínda que os niveis superiores son resultado emerxente dos niveis inferiores nun proceso de complexidade crecente.
>
> b) O *dualismo,* que mantén a irredutibilidade de mente e cerebro como entidades diferentes aínda que en interacción. A versión máis moderna do dualismo é a de Eccles e Popper, que partindo de datos científicos contrastados acaba, non obstante, asumindo construcións especulativas sen base empírica.

2. Un dos problemas máis importantes e recorrentes ao longo da Historia da Metafísica occidental é o dilema entre a liberdade humana e o determinismo causal dos fenómenos naturais, dilema que relaciona e enfronta ó ser humano co mundo natural no que se insire.

Pois, en efecto, o principio (lóxico-metafísico) presuposto en toda investigación racional e científica é o principio de causalidade, segundo o cal todo fenómeno natural está determinado necesariamente por algunha causa. Negalo suporía admitir a arbitrariedade dos fenómenos, que deixarían de ser explicables racionalmente, como era o caso das concepcións mítico relixiosas, que facían depender os fenómenos da vontade máis ou menos caprichosa dos deuses.

Non obstante, un presuposto tamén necesario para a comprensión da acción moral humana é o da liberdade, sen ela carece de sentido o plano da moralidade, como se verá na sección seguinte; pois non habería responsabilidade, nin mérito, nin recompensa, nin culpa, etc. A insolubilidade deste dilema foi claramente observada por Kant (no s. XVIII), para quen se converte nunha das aporías fundamentais da Metafísica.

Sen pretender resolver tal cuestión, podería dicirse que o problema da liberdade humana nace no nivel ontolóxico superior, o do nivel cognitivo; na medida en que este non é reducible aos niveis físico-químico e biolóxico

inferiores, o ser humano atópase así "liberado" até certo punto da rixidez causal dos mesmos ao aparecer unha nova característica ou propiedade, como é o pensamento, capaz de dirixir o curso da acción humana entre diversas posibilidades.

3. O problema da morte redúcese ao problema do sentido da vida humana, que se sabe finita temporalmente. A dificultade de asumir ese final inevitable xera desexos dunha vida ulterior onde todas as frustracións e fracasos fosen compensados.

2.2.2. A realidade exterior

En principio, os niveis ontolóxicos constitutivos da estrutura da realidade e as súas propiedades son hoxe, en boa medida, obxecto das diversas ciencias, aínda que subsistan problemas non resoltos en canto á emerxencia e relacións entre os diferentes niveis: físico-químico, biolóxico, psíquico e cognitivo. (Ademais, actualmente é preciso engadir un novo plano de realidade que é a realidade virtual, propiciada polo desenvolvemento das novas tecnoloxías)

Pero as dúas concepcións metafísicas básicas sobre a realidade mesma que se enfrontan ao longo da Historia son as materialistas e as espiritualistas.

As materialistas consideran que a realidade fundamental é material, reducindo o plano psíquico, mental ou espiritual a meros produtos da actividade material do cerebro. Por iso, defenderán un monismo antropolóxico que reduce os fenómenos psíquicos á actividade cerebral da que proceden. Consecuentemente sosterán tamén posturas agnósticas ou explicitamente ateas en canto á existencia de Deus, por considerar que non é preciso supoñer un deseño intelixente para explicar o universo.

As espiritualistas, pola contra, conciben a realidade fundamental como algo inmaterial (idea ou espírito) e, en consecuencia, a realidade material queda degradada ontoloxicamente a unha mera copia ou imitación imperfecta da verdadeira realidade inmaterial, cando non negada literalmente. Por iso, tales metafísicas sosterán na súa concepción antropolóxica un dualismo, máis ou menos asimétrico: a alma espiritual e inmortal é concibida como a realidade esencial do ser humano, reducindo o corpo a mero soporte ou prisión da mesma. Ademais, este tipo de metafísicas proporán unha interpretación teísta sobre a que dotar de finalidade e sentido á realidade enteira.

2.2.3. Deus

O tema de Deus ten na súa base un feito singular que é a experiencia relixiosa do sagrado. Trátase, segundo nos di a Fenomenoloxía da Relixión, da experiencia inefable dun poder absoluto e transcendente que se presenta como un misterio fascinante e tremendo ante o que o suxeito humano se sente moi pequeno e que provoca nel un temor reverencial. O sagrado esixe, pois, respecto e non pode ser manipulado con fins utilitarios, a diferenza do que ocorre co profano.

A experiencia relixiosa organizada culturalmente na Historia xerou as diferentes relixións, que non son máis que formas histórico-culturais de expresar e transmitir esa experiencia. Cando esa experiencia particular se substantiva e concentra nun principio absoluto e personalizado dá lugar a idea de Deus, como atopamos nas grandes relixións do noso entorno. Posteriormente a interpretación e teorización conceptual da relixión xera a Teoloxía.

ACLARACIÓNS E PRECISIÓNS Á SECCIÓN 5ª

1. A Metafísica

Aristóteles definiu como "ciencia do ser e dos primeiros principios e causas" a un saber que denominou Filosofía primeira e que máis tarde se chamou Metafísica (por Andrónico de Rodas no s. I a. C.). Etimoloxicamente a palabra metafísica significa o que está "detrás" ou "máis alá" das cousas físicas.

Respondendo ao propio significado da palabra, a Metafísica irase constituíndo na Historia como un saber especulativo da razón que traspasa os límites da experiencia; isto é, como un saber *meta-empírico*, que vai máis alá dos datos da experiencia e que non pode ser contrastado no seu campo. Neste sentido a Metafísica é un saber que se ocupa de temas e problemas que están ao outro lado da fronteira establecida polo criterio de demarcación da Ciencia.

Esta situación tras-froteiriza da Metafísica permitiu que, co paso do tempo, algúns dos seus problemas tradicionais puidesen ser incorporados ao campo da investigación científica. Non obstante, os temas e problemas fundamentais da mesma non teñen posibilidade de ser resoltos polas ciencias, pois están máis alá de toda posible experiencia. Tal é o problema do sentido último da realidade, entendido como finalidade, significado e valor da existencia.

Dado que os problemas centrais da Metafísica non parece que poidan acadar resposta desde o coñecemento científico, desde os Empiristas ingleses do s. XVIII até algunhas da principais correntes filosóficas actuais, a Metafísica foi tachada como unha ilusión ou un soño da Razón inalcanzable (Kant), negando a posibilidade dun coñecemento metafísico. Pero as cuestións metafísicas reaparecen constantemente como interrogantes inevitables, pois están enraizadas nas preocupacións máis profundas que inquietan aos seres humanos, como son a morte e o sentido da vida.

Na Modernidade, a busca do sentido de todo canto hai centrouse en tres principios ontolóxicos que explicarían toda a nosa experiencia por ser o fundamento último de todo (primeiros ontoloxicamente; isto é, na orde do ser, aínda que últimos no noso alcance) e que, polo tanto, serían o obxectivo último da Metafísica. En Descartes estes tres principios ou substancias son: a) o "eu" ou realidade (*res*) pensante, denominado tradicionalmente *alma*, e que unifica e sintetiza toda a nosa experiencia interna como base da mesma, b) o "mundo" ou realidade externa (*res extensa*), que unifica e sintetiza toda a nosa experiencia externa, e c) "Deus" ou realidade (*res*) infinita, que unifica tanto a experiencia interna como a externa, como principio absoluto explicativo de todo. Estes son os tres grandes temas da Metafísica moderna que en Kant se expresan nas tres ideas da razón: *alma, mundo e Deus*,

ideas que regulan e estimulan a actividade da razón como ideais ou metas a acadar, pero que non poden ser constitutivas de coñecemento, por traspasar os límites da experiencia.

Aquí, nesta sección, reformularemos desde a filosofía contemporánea os tres grandes temas da Metafísica moderna, pero actualizando non só a linguaxe senón tamén a problemática, liberándoa de connotacións e adherencias ou supostos doutras épocas que hoxe non son comunmente compartidos: a) o suxeito antropolóxico, b) a realidade exterior ao suxeito, e c) Deus.

2. O suxeito antropolóxico

A reflexión metafísica sobre o "eu" como suxeito último que unifica a totalidade das experiencias vividas por un ser humano, actualizada na súa linguaxe e contido á luz da Psicoloxía actual, presenta tres problemas destacados: a) o problema da "identidade persoal" ou psicolóxica, b) o problema da estrutura lóxico-lingüística da mente, e c) o problema da relación mente-corpo.

O problema da identidade psicolóxica do "eu", que unifica toda a experiencia do suxeito, parece ligado á memoria a largo prazo e á personalidade, pero non existe, polo momento, unha clara explicación científica da mesma.

Polo que respecta ás estruturas básicas lóxico-lingüísticas que regulan o funcionamento da mente, pódese afirmar que son innatas, aínda que necesiten desenvolverse evolutivamente na interacción co medio; polo que requiren dunha maduración biolóxica adecuada e dun certo aprendizaxe. Así, a facultade innata da linguaxe (denominada por Chomsky *gramática profunda*) só poderá desenvolverse e concretarse no contacto e aprendizaxe dunha lingua materna. Tamén, dentro da Psicoloxía Piaget investigou as etapas de desenvolvemento do pensamento lóxico e as súas características, así como os factores determinantes.

Pero, sen dúbida, o problema máis complexo é o da relación mente-cerebro (no que pervive o vello problema metafísico da relación alma-corpo). As dúas posicións extremas son: a) *o monismo*, que trata de reducir o mental á actividade fisiolóxica do cerebro, con diferentes matizacións e variantes, das que á máis interesante actualmente é a denominada *emerxentista,* e b) *o dualismo,* que mantén a irredutibilidade de mente e cerebro como entidades diferentes aínda que en interacción. A versión máis moderna do dualismo é a de Eccles e Popper, que partindo de datos científicos contrastados acaba, non obstante, asumindo construcións especulativas sen base empírica.

3. A realidade exterior

En principio, os niveis ontolóxicos constitutivos da estrutura da realidade e as súas propiedades son hoxe, en boa medida, obxecto das diversas

ciencias, aínda que subsistan problemas non resoltos en canto á emerxencia e relacións entre os diferentes niveis (físico-químico, biolóxico, psíquico e cognitivo). Ademais, actualmente é preciso engadir un novo plano de realidade que é a realidade virtual, propiciada polo desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Pero o debate filosófico máis importante, neste punto, tense situado no tema da obxectividade da realidade e do seu coñecemento. Dúas son as posicións extremas, dentro das que se dan diferentes variantes e matizacións: a) *o realismo*, que afirma a existencia dunha realidade exterior ao suxeito e que esta pode ser verdadeiramente coñecida, e b) *o psicoloxismo ou idealismo*, que considera que non podemos coñecer a realidade tal e como é en si, pois o único que podemos coñecer son as nosas representacións ou *ideas* da realidade, chegando mesmo, en algúns casos, a cuestionar a súa existencia.

4. Liberdade fronte ao determinismo causal dos fenómenos

Un dos problemas máis importantes e recorrentes ao longo da Historia da Metafísica occidental é o dilema entre a liberdade humana e o determinismo causal dos fenómenos naturais, dilema que relaciona e enfronta ó ser humano co mundo natural no que se insire.

Pois, en efecto, o principio (lóxico-metafísico) presuposto en toda investigación racional e científica é o principio de causalidade, segundo o cal todo fenómeno natural está determinado necesariamente por algunha causa. Negalo suporía admitir a arbitrariedade dos fenómenos, que deixarían de ser explicables racionalmente, como era o caso das concepcións mítico relixiosas, que facían depender os fenómenos da vontade máis ou menos caprichosa dos deuses. Non obstante, un presuposto tamén necesario para a comprensión da acción moral humana é o da liberdade, sen ela carece de sentido o plano da moralidade, pois non habería responsabilidade, nin mérito, nin recompensa, nin culpa, etc. A insolubilidade deste dilema foi claramente observada por Kant (no s. XVIII), para quen se converte nunha das aporías fundamentais da Metafísica.

Sen dúbida, e sen pretender resolver tal cuestión, o problema da liberdade humana nace no nivel ontolóxico superior, o do nivel cognitivo; na medida en que este non é redutible aos niveis físico-químico e biolóxico inferiores, o ser humano atópase así “liberado” até certo punto da rixidez causal dos mesmos ao aparecer unha nova característica ou propiedade como é o pensamento, capaz de dirixir o curso da acción humana entre diversas posibilidades.

5. Deus

O tema de Deus ten na súa base un feito singular que é a experiencia relixiosa do sagrado. Trátase, segundo nos di a Fenomenoloxía da Relixión, da experiencia inefable dun poder absoluto e transcendente que se presenta como un misterio fascinante e tremendo ante o que o suxeito humano se

sente moi pequeno e que provoca nel un temor reverencial. O sagrado esixe, pois, respecto e non pode ser manipulado con fins utilitarios, a diferencia do que ocorre co profano.

A experiencia relixiosa organizada culturalmente na Historia xerou as diferentes relixións, que non son máis que formas histórico-culturais de expresar e transmitir esa experiencia. Cando esa experiencia particular se substantiva e concentra nun principio absoluto e personalizado dá lugar a idea de Deus, como atopamos nas grandes relixións do noso entorno. Posteriormente a interpretación e teorización conceptual da relixión xera a Teoloxía.